

EXPOSICIÓN PERMANENTES

EXPOSICIÓN DE KALANDRAKA

EXPOSICIÓN DE LIBROS CEDIDOS POLAS EDITORIAIS
E O SALÓN DO LIBRO DE PONTEVEDRA

EXPOSICIÓN DE MATERIAIS ELABORADOS POR ALUMNAS
E ALUMNOS DOS CENTROS DE ENSINO DE CARBALLO

HORARIO DE VISITAS ÁS EXPOSICIÓN

permanecerán abertas de 9:30 a 14 horas para os centros
de ensino e de 18 a 20 horas para o público en xeral.

**PREMIO DO PÚBLICO AO MELLOR
TRABALLO DOS CENTROS DE
ENSINO PARTICIPANTES.**

Escolle o traballo que máis che guste
e deposita o teu voto na urna situada
na propia exposición.



XI SEMANA DO LIBRO E A LECTURA CANTA BICHERÍA!

DO 24 AO 29 DE ABRIL DE 2016 | PAZO DA CULTURA. CARBALLO

COLABORAN:

Editorial Kalandraga
Fundación Luís Calvo Sanz

ORGANIZAN:

Asociación Socio-Pedagóxica Galega
Concello de Carballo

Agradecemento ás editoriais Baía, Cumio, Galaxia, Kalandraga, OQO Editora,
Urco e Xerais pola cesión de libros para a exposición da Semana do Libro.



XI SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

CANTA BICHERÍA!

DO 24 AO 29 DE ABRIL DE 2016 | PAZO DA CULTURA. CARBALLO

ORGANIZAN:



PATROCINA:





INAUGURACIÓN

Domingo 24 de abril ás 12h

PETISCOS MUSICAIS, OS TRES TENEDORES

Actuación dos centros de ensino:

Recitando a Manuel María, alumnado de 1º EP do CEIP Canosa – Rus

O galo Quicorico polo grupo Bicadela de 6º EP do CEIP Fogar

Actividades concertadas cos centros de ensino.

De luns a venres de 09:30 a 14:00 horas.

LUNS 25, EI

O LOBO E A LÚA, Baobab Teatro (Obra premio Barriga Verde)

O lobo é a lúa conta a historia dun lobo que chama pola lúa, ten que falar con ela, ten algo moi importante que dicirlle, como a lúa está MOI alta non o escoita, así que o pequeno lobo fará o imposible para que o escoite.

MARTES 26 3º EP

ANIMALARIO FANTÁSTICO, Crearte Servizos Culturais

Un obradoiro plástico-literario no que comprobaremos como os animais, tanto os reais coma os imaxinados, son un tema recorrente dende a prehistoria ata a actualidade. Xogaremos a inventar animais a partir de historias narradas e cada participante creará un animal imaxinario único, nunca antes visto!

BICHOS EN GRAVADO, Nova Xestión Cultural e David Orihuela

Obradoiro onde coa técnica do gravado (con elementos sinxelos e doados de utilizar por parte do público infantil) poderemos realizar as nosas propias creacións artísticas, ademais de achegarnos a unha técnica artística moi atractiva.

CASAS PARA BESTAS, Nova Xestión Cultural e Paula Tubío

Obradoiro para crear espazos e construcións imaxinarias con materiais de refugallo, facendo referencia a elementos como arquitectura sostible, construción bioclimática, a construción de aldea (onde humanos e animais compartían espazos).

MÉRCORES 27, 1º e 2º EP

FRANKEINSTEIN, Teatro Ghazafellos

Que se pode agochar nun escuro castelo perdido nas montañas? Quizais algo que non quere ser descuberto ou, quizais, algo que non espera que o descubran? Unha aventura nas entrañas dun castelo onde dous investigadores, a Dra. Mon Champignon e o Dr. Pe Arrepío investigan se o lexendario monstro de Frankenstein existe ou non.

XOVES 28, 3º e 5º EP

FAUNA MÁXICA DE PAPEL. Noemí López, ilustradora

Con algúns “truquiños” de debuxo trasladaremos animais da mitoloxía galega ao papel, da man da ilustradora-autora da imaxe da Semana do Libro desta edición, autora tamén da iconografía da Enciclopedia da Fantasía Popular de Galicia, Galicia Encantada.

ANIMALARIO. CREAMOS ANIMAIS IMAXINARIOS, Van Divulgación

Partindo de imaxes de animais reais mesturaremos distintas partes dos seus corpos para crear novos seres inventados, propios da ciencia ficción, tal e como fixo o Profesor Revillod no seu Animalario Universal.

VENRES 29, 5º EP

BICHOS ROBÓTICOS, Ceo Aberto

Actividade cun importante compoñente artístico que combina a ciencia e a tecnoloxía. Consiste na construción do noso propio “bicho robótico” que logo programaremos para facer un percorrido e emitir os sons do animal ao que representa.

DA BICHERÍA ÁS ILUSIÓNS, Mago Martín Camiña

Unha aposta divertida e entretida para achegarnos ao mundo do ilusionismo. Unha clase metida entre libros, cortizas das botellas e a grande dose de imaxinación dos nenos e nenas. Traballaremos as habilidades manuais, matemáticas, enxeño,...., ademais das capacidades de comunicación na presentación dos efectos máxicos.

ANIMAIS COMA NÓS, Paula Carballeira

A miúdo sentímonos coma bichos: pequenos, fráxiles, e temos medo que alguén nos pise a cabeza, ou que nos poña unha trampa, pero hai contos que nos falan de pequenos animais cunha valentía enorme, ou unha intelixencia que os leva a resolver grandes misterios. En África cóntase a historia dun sapo cunha pedra preciosa na cabeza. No norte de Europa, alá onde vive a neve e o frío, unha nena saíu na busca da felicidade e os animais puxéronse da súa parte. No norte de América, entre os bosques, un moucho conseguiu deixar de lado o aburrimiento. Se cadra, no fondo, non é malo sentirse un pouco animal ás veces.

Tardes: Actividades abertas ao público.

De luns a venres ás 18:30 horas.

LUNS 25

CONTOS DE ANIMAIS E BECHIÑOS, ANDREA BAYER

Todos temos un animal favorito, eu teño o meu, adiviñamos cal é o teu?.

Sesión para público familiar, divertido e dinámico, onde todos gozaremos das historias de animais que un ano máis Andrea Bayer nos trae a Carballo.

MARTES 26

CONTIARIO, PABLÍSIMO

Pasen e vexan! Pasen e escoiten! Achéguese aos contos máis raros, interesantes e exóticos do mundo! No Contiario collen todo tipo de contos: contos que empezan ao revés, contos con moitos finais, contos que nunca rematan, contos minúsculos, contos canción... Presten atención e cando conte contos contan cantos contos conto!

MÉRCORES 27

CONTOS DE LOBOS, GHAZAFELHOS

Un Conto interactivo onde se mestura a maxina o circo ou a hipnose... Dous personaxes dispaes, pero no fondo parecidos, acordan contar historias onde aparezan lobos... pero ao final fan maxia, hipnotizan, fan acrobacias... E os contos? Xa eles buscarán quen lles axude...

XOVES 28

A “BICHERÍA MÁXICA” DE MANUEL MARÍA, MARTÍN CAMIÑA

Un percorrido máxico, de humor e participación do público, a través dos cabaliños do demo, caracois... galos, merlos, cucos e demais “bichería”, do mago das palabras Manuel María. Un espectáculo cheo de intríns fascinantes e momentos de asombro, coa poesía de Manuel María de acompañamento.

VENRES 29

GRANDES SEGREDOS DE ANIMAIS GRANDES E PEQUENOS, PAULA CARBALLEIRA

Ata os animais máis pequenos poden ter dentes, e iso, ás veces, mete medo. Pero eles, os animais, tan contentos, viven a súa vida. Pouca xente sabe que para amansar crocodilos non hai nada mellor que a poesía, ou que a baba dos caracois e das lesmas garda os segredo da xuventude e da beleza, ou que houbo unha vez unha formiga que non quixo ser obreira, nin raíña, senón cantante.

